

GzVÍdeos denuncia persecución policial

GZVÍDEOS :: 17/09/2009

[Cast/Gal] Denuncian persecución por su labor contrainformativa. Concentración de apoyo para esta mañana a las 9.45h en el Juzgado de Fontiñas (Compostela).

[Cast]

Hoy jueves tendrá lugar una concentración de apoyo a las 9.45h de la mañana en el Juzgado de Fontiñas por la defensa de la libertad de expresión antes del juicio de faltas que tendrá lugar contra una fotografía que además gravó la cadena humana de Ceivar por la libertad de los presos políticos el 24 de julio de 2008.

La denuncia policial acusa falsamente a la periodista de gritar en este acto "policía asesina", "torturadores" y "ETA mátalos", intentando reprimir la libertad de información.

La primera sanción administrativa llegó para GzVÍdeos en el mes de junio de este año. Se acusaba a dos de nuestros reporteros de estar al frente de una manifestación de estudiantes en defensa del gallego, de corear lemas y de ser uno de los principales organizadores y dirigentes de los estudiantes que se movilizaban en el mes de mayo en defensa de la enseñanza en gallego convocados por el Foro de la Juventud de Vigo, al tiempo que reconocía la denuncia que "portaba una cámara", con la que estaba grabando el evento. Así, fue sancionado con 500 euros por organizar supuestamente una manifestación ilegal, que en estos momentos anda en trámites de recurso.

Poco después, una unidad de "delitos tecnológicos" de la Guardia Civil española retiene a otro reportero al salir de su propia casa al cuartel de Pontevedra para declarar supuestamente sobre un vídeo de dibujos animados, interrogando al activista sobre el equipo editorial de GzVÍdeos, el funcionamiento del portal y toda una serie de cuestiones que demostraban que se trataba de una coartada para recoger información y atemorizar al compañero.

El martes 15 de septiembre, a través del teléfono, informaban a otra de nuestras compañeras de que se iba a celebrar este jueves 17 de septiembre a las 10.10h de la mañana un juicio de faltas en la Sala de Vistas nº 2 del Juzgado de Compostela por una denuncia de la Policía sobre unos hechos supuestamente acontecidos el 24 de Julio de 2008.

La denuncia policial recoge que nuestra compañera fue identificada en la Plaza de Galicia a las 20 de la tarde, "lugar donde se concentraron diversos colectivos independentistas". También indican que "la reseñada durante el transcurso de la concentración profiere gritos tales como "policía asesina", "ETA mátalos", "Torturadores"", algo completamente falso y fuera de la realidad.

De hecho, nuestra compañera en esta fecha recuerda que fue identificada en la Plaza de Galicia mientras estaba realizando fotografías y vídeos, cuando un antidisturbios le pregunta de si "era de la prensa", por lo que procedió a asignarle una credencia de

fotografía de Nuevas de Galicia, medio en el que también colabora y en el que publicó las fotografías realizadas en esa fecha.

Desde GzVÍdeos queremos denunciar este tercer ataque que hemos recibido, que entendemos busca castigarnos económicamente e intentar que el trabajo de crítica, información de las manifestaciones, concentraciones y difusión de actos que son sistemáticamente silenciados por los medios empresariales sean finalmente invisibilizados y callados a fuerza de sanciones económicas y de identificaciones sistemáticas.

GzVÍdeos nació en Mayo de 2008 como una iniciativa independiente y no comercial, con la voluntad de "constituír un espacio de encuentro para la creación audiovisual que parte de los movimientos sociales gallegos, un campo donde confluye el video-activismo y el debate generados a partir de la crítica a la realidad gallega". La plataforma www.gzvideos.info cuenta a día de hoy con más de 200 vídeos de producción propia y más de 500 aportaciones externas, convirtiéndonos en la principal ventana del activismo audiovisual gallego en la red, dando cobertura a actos políticos y culturales, luchas sindicales, defensa del medio ambiente, jornadas, charlas, lucha por los derechos LGBT, contra el patriarcado, por la soberanía política de nuestro país y la denuncia de la represión y violaciones de los derechos humanos más elementales, algo que sin duda no debe de resultar cómodo para quien pretende imponer una sociedad acrítica y pasiva, además de protagonizar la coacción y la represión.

Animamos a participar en la concentración convocada a las puertas del Juzgado de Fontiñas mañana a las 9.45h de la mañana en solidaridad con nuestra compañera en defensa de la libertad de expresión, un concepto de dudosa aplicación en el Estado Español, donde la policía se dedica a denunciar falsamente a reporteros independientes con el objetivo de reprimir la libertad de información.

Desde GzVÍdeos nos ocuparemos de dar difusión a este intento por suprimir la libertad de expresión y de información, y intentaremos por todos los medios legales la exculpación de nuestra compañera. No están reprimiendo tan sólo a GzVÍdeos, si no a todo lo que representa: están intentando erradicar la difusión de las actividades de denuncia de colectivos gallegos e imponer una única manera de pensar.

Aún así, seguiremos editando y difundiendo vídeos. Hoy más que nunca: apaga la TV y enciende tu mente!

[Gal]

O xoves terá lugar unha concentración de apoio ás 9.45 da mañá no Xulgado de Fontiñas e pola defensa da liberdade de expresión antes do xuízo de faltas que terá lugar contra unha fotógrafa que ademais gravou a cadea humana de Ceivar pola liberdade dos presos políticos o 24 de xullo de 2008.

*A denuncia policial acusa falsamente á xornalista de berrar neste acto "policia asesina", "torturadores" e "ETA matalos", tentando reprimir a liberdade de información.

A primeira sanción administrativa chegou para GzVÍdeos no mes de xuño deste ano.

Acusábase a un dos nosos reporteiros de portar a faixa de cabeceira dunha manifestación de ensino medio na defensa do galego, de corear lemas e de ser un dos principais organizadores e dirixentes do estudantado que se mobilizaba no mes de maio na defensa do ensino en galego convocados polo Foro da Mocidade de Vigo, ao tempo que se recoñecía na denuncia que “portaba cámara”, coa que estaba a filmar o evento. Así, impúñase unha sanción de 500 euros por organizar supostamente unha manifestación ilegal, que nestes momentos está aínda nos trámites de recurso.

Pouco despois, unha unidade de "delictos tecnolóxicos" da Guardia Civil española retiña outro reporteiro logo de saír da súa propia casa e levávoa ao cuartel de Pontevedra para declarar supostamente sobre un vídeo de debuxos animados alleo á produción do GzVídeos, interrogando ao activista sobre o equipo editorial, funcionamento do portal e toda unha serie de cuestións que demostraban que se tratou dunha coartada para recoller información e atemorizar ao compañeiro.

O martes 15 de setembro, a través do teléfono, informaban a outra das nosas compañeiras de que se vai celebrar este xoves 17 de setembro ás 10.10 da mañá un xuízo de faltas na Sala de Vistas nº 2 do Xulgado de Compostela por unha denuncia da Policía sobre uns feitos que supostamente aconteceran no 24 de Xullo de 2008.

A denuncia policial recolle que a nosa compañeira fora identificada na Praza de Galiza ás 20 da tarde, “lugar donde se concentraron diversos colectivos independentistas. Recóllese que “la reseñada durante el transcurso de la concentración profiere gritos tales como “policia asesina”, “ETA matalos”, “Torturadores””, algo completamente falso e fora da realidade.

De feito, a nosa compañeira nesta data lembra que fora identificada na Praza de Galiza mentres estaba a realizar fotografías e vídeos, diante da pregunta dun antidisturbios de se “era da prensa”, polo que procedeu a ensinalle a credencial de fotógrafa do Novas da Galiza, medio co que tamén colabora e no que publicou as fotografías realizadas nesta data.

Desde GzVídeos queremos denunciar este terceiro ataque que vimos de recibir, que entendemos só coa vontade de castigarnos economicamente e tentar que o traballo de crítica, de información de manifestacións, concentracións e difusión de actos que son sistematicamente silenciados polos medios empresariais sexa finalmente invisibilizado e calado a forza de sancións económicas e identificacións sistemáticas.

GzVídeos naceu en Maio do 2008 como unha iniciativa independente e non comercial, coa vontade de "constituír un espazo de encontro para a creación audiovisual que parte dos movementos sociais galegos, un campo onde conflúe o video-activismo e o debate xerados a partir da crítica á realidade galega". A plataforma gzvideos.info conta a día de hoxe con mais de 200 vídeos de produción propia e mais de 500 aportacións externas, converténdonos na principal xanela do activismo audiovisual galego na rede, dando cobertura a actos políticos e culturais, loitas sindicais, defensa do medio ambiente, xornadas, charlas, loita polos dereitos LGBT, contra o patriarcado, a prol da soberanía política do noso país e na denuncia da represión e violacións dos dereitos humanos mais elementais, algo que sen dúbida non debe resultar cómodo para quen pretende impor unha sociedade acrítica e pasiva, ademais de protagonizar a coacción e a represión.

Animamos a participar na concentración convocada ás portas do Xulgado de Fontiñas mañá ás 9.45 da mañá en solidariedade coa nosa compañeira e na defensa da liberdade de expresión, un concepto de dubidosa aplicación no Estado Español, onde a policía se adica a denunciar falsamente a reporteiros independentes co obxectivo de reprimir a liberdade de información.

De GzVídeos ocuparémonos de dar difusión a este intento por suprimir a liberdade de expresión e de información, e tentaremos por todos os medios legais a exculpación da nosa compañeira. Non están a reprimir tan só ao GzVideos, se non a todo o que representa: están a tentar erradicar a difusión das actividades de dúcias de colectivos galegos e impor unha única maneira de pensar.

Ainda así, seguiremos editando e difundindo vídeos. Hoxe mais do que nunca: apaga a TV e prende a túa mente!

Noticia relacionada en La Haine

<https://galiza.lahaine.org/gzvideos-denuncia-persecucion-policia>